PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
11 XUÑ. 2018
Núm. 9652

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 22248 (10/PNC-001807)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a igualdade nas prestacións entre o persoal que desenvolve as súas funcións no Servizo de Gardacostas, tanto estatutario coma externalizado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018

1.2 22845 (10/PNC-001831)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

1.3 27651 (10/PNC-002144)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o incremento do continxente Erga Omnes de lombos de atún da Unión Europea, durante o período 2019-2021, para a industria conserveira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

1.4 29457 (10/PNC-002344)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego dunha campaña de concienciación, en especial no período estival, en relación coa extracción de recursos marisqueiros sen permiso nos areais de Galicia por persoas usuarias e visitantes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

1.5 30559 (10/PNC-002459)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a recuperación do stock do polbo a medio e longo prazo, evitar a práctica do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
11 XUÑ. 2018
Núm. 9652

furtivismo respecto desa especie, así como paliar o impacto económico da súa veda para os traballadores afectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018

1.6 31111 (10/PNC-002509)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de contaminación lumínica do litoral de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

1.7 31125 (10/PNC-002512)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a elaboración polo Goberno galego no ano 2018 dun plan de choque para evitar a perda da poboación ocupada que está a padecer o sector pesqueiro, segundo os datos da Enquisa de poboación activa correspondente ao primeiro trimestre de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

1.8 31651 (10/PNC-002566)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 4 máis
Sobre a elaboración e posta en marcha polo Goberno galego no ano 2018 dun plan especial de sostibilidade e aproveitamento da ría de Arousa cunha partida orzamentaria específica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 11/06/2018 14:06:21